



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2020

**EXPEDIENTE:** 2020/G010/000004

Vista a existencia de facturas e asistencias a órganos colexiados pendentes de pago.

Visto que foi iniciado o expediente que permitirá a realización dos correspondentes abonos e que o mesmo ten sido ultimado no día de hoxe, estando só pendente a adopción do oportuno acordo polo órgano competente, neste caso o pleno da corporación municipal.

Considerando que adopción do citado acordo non debe demorarse no tempo, tendo en conta especialmente a situación extraordinaria e excepcional existente, derivada da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

Considerando que o pago aos provedores resulta indispensable para a protección do interese xeral e para garantir o funcionamento básico dos servizos, moitos deles esenciais, e que os pagos que se deriven deste expediente axudarán a dar liquidez aos contratistas e/ou provedores e que polo tanto contribuirán a mellora da súa capacidade económica.

Visto o apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola disposición final segunda do Real Decreto- Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, BOE do 1 abril, vixente desde o 2 abril 2020, que di: *“En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.*

*Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.*

Vista a situación de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID-19 a cal debe ser considerada como una situación excepcional de grave risco colectivo que impide ou dificulta o normal funcionamento presencial do pleno da corporación municipal, concorrendo, pois, un dos presupostos de feito do citado art. 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o que habilita para a celebración das sesións dos órganos colexiados a distancia por medio electrónicos e telemáticos.

Á vista pois dos antecedentes e fundamentos anteriormente expostos, visto o artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión extraordinaria celebrada con data 2 de xullo de 2019, e en uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é polo que

#### ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar mediante videoconferencia (enlace, <https://meet.google.com/hbr-zhix-bqy>) o vindeiro día **30 de abril de 2020 (xoves) ás 9:00 horas**, coa seguinte orde do día:

**Único.-** Previa ratificación de súa inclusión na orde do día, recoñecemento extraxudicial de crédito 5/2020.

**Segundo.** Notificar este decreto aos Srs./Sras. concelleiros/as á intervención municipal, a través da plataforma notifica.gal e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello (sede electrónica).

**Terceiro.** Que aos efectos de garantir a publicidade da sesión a mesma sexa retransmitida por medio de youtube.com situándose o acceso en camarinas.net.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.